



REXISTRO XERAL	034
DATA	21/04/2014

Curuxeiras, 21 de Abril de 2014

ASUNTO: Limpeza rúas das Curuxeiras.

Sr. Concelleiro, volvemos a remitirle outro escrito a situación suciedad na que se atopa o noso pobo en relación coa limpeza viaria, que debe realizar a empresa concesionaria do servizo, sen recibir ata a data nin tan sequera explicacións dos motivos polos que non se realiza, estamos a espera de que nos envíen o certificado de silencio administrativo que solicitamos o día 7 de abril dos correntes.

Como xa estamos cansados de mandar escritos, solicitando o que nos pertence, sen que nos fagan caso e debido que o sábado día 26 de abril, celebraremos o día do socio e non queremos que as persoas invitadas que veñen os actos entre eles o Alcalde, leven unha imaxe deplorable do estado de suciedad das beirarúas das Curuxeiras, e polo que o pasado sábado día 19 de abril, decidimos os veciños proceder xa non soo a limpeza senón o desbroce das beirarúas polo montón de herbas acumuladas durante mais de un ano que levan sen limpar. Axuntamos fotos.

E unha vergoña que paguemos un servizo, que non se nos faga e o final telo que facer nos, por iso solicitamos do Sr. Alcalde, que se lle desconte a empresa concesionaria o importe da limpeza das beirarúas da rúa das Curuxeiras, e se nos reintegre a nos, en diñeiro ou en especie.

Este escrito tamén se remitirá os medios de comunicación e os partidos políticos da oposición, para denunciar outra vez mais o incumprimento sistemático da empresa na limpeza viaria do nos pobo, e dos demais pobos do rural; e solicitarlles que presenten unha moción no pleno para a rescisión do contrato a empresa adxudicataria do servizo.

Atentamente.

José Manuel García Casares
Presidente



